



A Asociación de Música e Danza Tradicional Queiroa naceu no ano 2002 no concello de Sada (A Coruña) co obxectivo de promove-lo desenvolvemento da música e a cultura tradicional de Galicia. Para tal fin, realiza unha importante labor de recollida de pezas musicais e de baile tradicional do noso país e organiza para os seus socios actividades formativas de diferentes disciplinas: baile, pandeireta, gaita, percusión e máis recentemente acordeón. Para dar visibilidade a toda esta labor, organiza diferentes espectáculos nos que se amosa a aprendizaxe diaria e ofrece ó público o seu xeito de interpreta-la cultura tradicional galega. Está formada por 94 socios e 93 alumnos con idades comprendidas entre 3 e 99 anos. Os mestres das diferentes disciplinas posúen ampla formación na súa especialidade e experiencia como formadores. A filosofía de Queiroa é achega-lo noso gran de area para que a nosa cultura popular permaneza viva e sobre todo, para seguir gozando da música e o baile propios de Galicia. Se quere saber máis sobre nós, entre na nosa páxina web:

www.queiroa.org

ESPECTÁCULOS INSCRITOS NA REDE CULTURAL 2017

DT/43 QUEIROA "15 ANOS DE FOLCLORE"
Nestes quince anos de andaina percorremos Galicia ata as nosas fronteiras culturais, que non xeográficas, por mor diso seguimos medrando artisticamente ano tras ano froito do noso traballo de campo en gaita, baile, todo tipo de percusión, acordeón etc.



DT/44 QUEIROA "GRUPO DE BAILE"
A Jota e a Muiñeira de Xirazga, a de Muimenta, o Maneo de Cabaleiros ou a Moliñeira de Vilaquinte son algúns dos bailes interpretados polo noso grupo. Estas pezas representan as catro provincias galegas nas que contrastamos o xeito de bailar no Courel, nos Ancares ou o propio interior das catro provincias galegas.



CA/54 QUEIROA "GRUPO DE PANDEIRETA"
O noso repertorio de pandeireta e canto tradicionais está composto por pezas como a Pandeiretada de Cabanude o Maneo e Muiñeira de Seavia, Mazurca e Ribeirana de Sequeiros e Jota e Molinera de San Julián de Valcarce son algunas das pezas do noso repertorio aprendidas de primeira man.



BG/25 QUEIROA "Grupo de Gaita"
O grupo de gaita e percusión posúen un variado repertorio de pezas tradicionais como "Vai de rumba" do grupo familiar de "Os Rosales" de Rianxo ou Fandango de Pontevedra do repertorio de "Diplomáticos do acordeón" peza orixinal dos "Gaiteiros de Soutelo".

